

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 79

A CRUÑA 5 DE FEBREIRO DE 1919

## PATRIOTISMO ESENCIAL

### FORA TÓDOL OS VELLÓS POLÍTICOS

Ao propio tempo que traballamos pol-a autonomía, pol-o conqwerimento da liberdade para as nazonalidades ibéricas asoballadas, temos que pensar n'outra cruzada paralela e que é complemento da anteriore.

Seña para a nosa Terra a honra da iniciativa, nascida no cerebro d'un irmán: Roberto Branco Torres.

O mal d'Hespaña, a doenza d'Hespaña é mais fonda e mais complexa do que moitos coidan. Pero ista fondura e ista complexidade trocaríanse en cousas sinxelas si nas novas xeneracións houbera, d'hoje no adiante, un punto común de coincidencia, ó que se pode chegar en deben.

Hespaña, nos tempos de Cánovas, xa adoecía de tres escepciós que il sinalara elocuentemente. Aquelas tres escepciós siguen manténdose alcesas ó longo do atraso hespañol. Pero aínda xurdiu outra que é a que nos entangaraña e esmaga as arelas de cidadanía, trocando apenas n'un país natal, n'un territorio esmorecido o que debera ser unha patria ategada de valores espirituales

Isa nova escepción todos a concedes. Fórmana as oligarquías reinantes.

Hespaña é o único país do mundo civilizado que non fixo patriótica liquidación dos desastres coloniais. Hespaña chegou rolando bruscamente hastra a suprema decadencia sin que ningún dos seus políticos fracasados fose levado á barra ou sofrido a mais pequena penalidade. Hespaña—é isto xa é moito peor e moito mais vergoñoso—sigue sendo desgobernada pol-os mesmos homes e pol-as mesmas organizacións dos mesmos homes culpabres da triste situación en que agora nos achamos Hespaña, por mor d'esos homes, logo de rematarse a guerra europea, cando os troques da ideoloxía universal son tan fondos,

atópase no xeito de pura ficción onde d'un arlequinesco patrioteirismo priva sobre todas. Hespaña, hoje, dispois de canto pasou no mundo, pesi-a que o probe povo deu sempre tod'o que se lle pidiu no senso de tributos e impostos, nin ten Exército, nin Mariña, nin Ensiño, nin Xustiza, nin Sanidá, nin Cidadanía, nin Comunicacións, nin nada. Non ten siquera un ideal colectivo, nin pequeno nin grande. Ten samente taifas d'oligarcas, lexiós de caciques, fatos longos d'estanqueiros do favor, políticos d'un turno de grifo e vaso, conselleiros abogados de compañías e monopolios, tod'o que existía xa antes dos desastres de Cavite, Santiago de Cuba e o Barranco do Lobo, pero aumentado aínda.

¿E hai algún político hespañol do réxime que poida erguel-o dedo por sintírese libre das acusacións que envolven as verbas anteriores?

Ningún, absolutamente ningún. Todos foron culpabres, todos foron antipatriotas, todos incapaces, todos reos do delito terrible de trager a Hespaña ó estado en que s'atopa. Todos siguen sin correxírense, volvendo sempre a pôr en práctica antigos procedimentos antieuropeos, coidando que a patria son as suas oligarquías, os seus monopolios, os seus consellos d'Administración, as comenencias dos seus fillos e dos seus xenros, canto, por falal-o todo d'unha vez, era o punto ideal do famoso *Crispin* dos «Intereses creados»

Por iso os nazonalistas galegos, buscando a axuda de tódol-os homes de ben, de tódol-os nazonalistas d'outras terras, de cantos sintan a democracia e a cidadanía, pertenezan ó bando que queiran, temos que levar a Hespaña enteira a esixencia de que o Poder Moderador—si ten instinto de conservación—chegue o mais axiña posibre ó residenciamento dos políticos grandes e pequenos que interviñeron no

gobierno d'outra Restauración a hoje. Esto é o que temos que propagar e pidir a cotío, por tódol-os meios: o mesmo nos xornás, que nos mitís e nas conferencias: que a dignidade da nova Hespaña percisa que señan condenados ó ostracismo cantos políticos e servidores dos políticos desgobernaron e escarneceron e aldraxaron o seu país dende Cánovas e Sagasta hastra agora mesmo. Namentras non teñamos valor e forza para liquidal-o desastre colonial e o de Marruecos, o noso progreso ficará no ermo.

Tod'a nova Hespaña contr'os vellos e antipatriotas políticos da Restauración. E non exceptuemos a ningún. Todos aparecen culpabres. Todos hastra o mesmo Maura, para moitos espello de honradez. Porque Maura veu á política con Gamazo, e autuou con Sagasta, de xeito liberal, e logo fíxose conservador, e non soubo impoñer as suas reformas para Ultramar, que constituirían un fracaso, e gobernaba cando o do Barranco do Lobo e mantén en pe vellas oligarquías ó seu servicio com'os mais políticos hespañoles (Osma, Figueroa, Moral de Calatrava, por falar soilo de Galicia.

Tronaba alritado, nobremente alritado, datas atrás Xosé Ortega Gasset contr'a «reconsagración dos perpetuos fracasados»; chamaba á xuventude hespañola, con verbas ategadas de patriotismo, para unha cruzada destrutora do apodrecido *statu quo* político.

Pois os nazonalistas galegos estamos dispostos a espallar por Hespaña enteira este proposito redentor: «Cantos señan patriotas, cantos desexen a liberdade e o progreso, cantos non vivan da morte do país, pidan con nosco ou unha revolución purificadora ou o residenciamento pol-o actual Poder Moderador de todos, absolutamente tódol-os políticos, grandes e pequenos, que desgobernaron a Hespaña, bulrándose do mais santo e mais sagro—namentras o povo sofrido daba o seu sangue e os seus cartos,—d'outra Restauración a hoje.»

Eses políticos que berran viva Hespaña, facendo canto poden por matala, no inte-

rin nós traballamos para que Hespaña viva; eses políticos a quenes non se lles teñen esixido contas, xa non da súa actuación causante dos desastres coloniais, senon que nin siquer das súas torpezas con motivo da guerra europea, é preciso condanalos ó ostracismo. E si quen está obrigado a condanalos o non entende así, entón, por patriotismo, haxa barra a onde levar os que nin con cen penas de morte pagarán os seus crimes. E o momento. Agora que tanto se fala do patriotismo, a revisar os valores patrióticos.

A. VILLAR PONTE.

## Conservatorio Nazonal

### do Arte galego

Foi un grande acerto a constitución d'este patriótico organismo. Moitos xornás de Galicia tiveron entusiastas gabanzas para él.

Os alumnos matriculados no Conservatorio aumentan a cotío. Entr'eles latexa unha fonda ledicia. Unha vez orgaizada en forma a sección de Declamación, orgaizaráse tamén a de música.

Baixo a dirección dos profesores xa veñen os primeiros alumnos matriculados recibindo leicións e ensaiando a xenial comedia de Shakespeare «As alegres comadres de Windsor».

Axiña poráse igoalmente en estudo a comedia do gran poeta Ramón Cabanillas, «A man de Santiña».

O mesmo entr'as señoritas que entr'os señores alumnos hai algú que prometen seren verdadeiros actores.

O arte galego está d'embora.

Tódol-os fillos da nosa Terra, teñen obriga d'emprestarlle a súa axuda a tan benemérita institución.

## “A Nosa Terra”

Temos mentes de facer axiña algunhas reformas progresivas n'este bolefín orgo do nazonalismo galego.

Algunhas d'as reformas en proyeuto son inspiradas pol-o xenial irmán Castelaio.

Queremos que “A Nosa Terra,, responda á importancia das patrióticas propagandas galeguistas.

“A Nosa Terra,, cada vez mais leida chegará a ser unha revista de formato moderno e de festo inda mais interesante e ameno.

Rogamos a todol-os nosos amigos sigan empréstándonos seu apoio.

## A NAZÓN GALEGA ACREDORA DO CENTRALISMO

### Débenos o Estado 8.000.000

**O vello casón de San Agustín que foi edificio do Concello da Cruña até fai poucas dañas, quer levalo o Estado para él.**

**Isto é doroso. D'alugalo o Concello, daría unha renda para o povo. Aforraría outra renda adicándoo a escolas.**

**¿Por qué vai a pasar ó Estado? ¿Qué lle da o Estado a Galicia? ¿Con canto axuda Galicia ás cárrigas do Estado? Galicia e a nazonalidade hespañola que paga maor contribución territorial e é a que conta con menos ferrocarris e camiños.**

**Lévannos para o centro cantos carfos queren e inda fan por deixarnos sin unhos carfos edificios que de feito xa son nosos, com'o de San Agustín, verbi-gracia.**

**Concexás cruñeses: dicídelle ó Estado que non lle daredes aquel edificio, namentras non'os devolva os oito millóns que ll'emprestara Galicia para a carrefeira do Guadarrama nos tempos do marqués da Ensenada. ¡Oito millóns mail-os réditos debe o Estado á nosa terra!**

VIVIR PARA VERE...

## Todos rexionalistas

Fal un ano que no distrito da Estrada ergueuse a bandeira rexionalista como ideale redentor da nobre y-azoutada terra gallega. Fixáronse os xenerosos rapaces loitadores no meu nome pra lles acompañar no novo camiño e presentar o preito a todo o felxe de caciques acougados baixo de Rlestra y-o Rlestra mesmo.

E foi por entonces cando os tiranos de Galicia, os qu'asoballaron sempre toda ledia forte e redentora, encheron de cuspe e de lama as nosas predicacións rexionalistas y-as nosas arelas de liberdade gallega. E tras do noxentos polítecicos víñeron os pequenos, os caciques das vilas e das aldeas fedendo a medo y-a bandidaxe, a facer, enviados dos grandes caciques o crime de loitar contra a nai Galicia, e decatándose do que facían pol-as aldeas, pol-as Sociedades e Sindicatos, correron a voz de qu'os rexionalistas éramos enemigos da pátre, vendidos ós cataláns... e todal-as inxurias qu'eles, como un castigo tíñan enriba de sí e qu'irían votar fora.

Co-a mentira, co-as promesas d'engano e ladrando como cans de palleiro que gardan a casa e a despensa do amo, insidiando os den-

tes y-as veces mordendo ós probes, roubándolles nos consumos a súa sangue, conseguiron os traldores facer dúbida a forte vontade dos agrarios, botando a moitos do bó camiño, na famenta boca da caciquería políteca.

Mais os tempos pasan y-o mundo non para; neste ano que pasou, o mundo doente segula o seu camiño y-as espranzas abríronse e todol-os homes sentiron a necesidade de refacer a vida; e co'a vida a marcha dos pobos. Y-entonces os noxentos grandes caciques da políteca gallega para non vérense desamparados e descuberto o segredo dos seus ruíns trufos, y-en baixa a súa forza, dun golpe, d'un sollo golpe, fixéronse rexionalistas, e dixeran a todol-os ventos que o problema da vida rexional é o que mais cedo se ha de resolver en Hespaña pra que Hespaña non morra.

E tras d'eles, agrarios da Estrada, xa o vedes, os que fal un ano loitaban contra os rexionalistas como criados de Rlestra, son os mesmos que hoxe chámanse rexionalistas. Homes de mentira, que sodes vós? Caciques da Estrada pra que engañades o povo?

Y-o que chaman Alcalde da Estrada convocou ás Sociedades agrarias pra pedir a autonomía de Galicia, que é o mesmo que fal un ano víñamos pedindo os meu amigos y-eu. O dazasete de San Martiño, celebróuse en Lugo unha Asambrela de todal-as Irmandades da Fala de Galicia, Asambrela que tiven o honore de presidir, e d'ela naceu o noso Manifesto, no que pidimos a autonomía de Galicia. E foi despois cando o Concello da Estrada víña a dar-me a razón a min, despois de me combati-re, sollo en servicio de Rlestra.

E Galicia non pode dar'o perdón, os galegos non podemos recoller, senon con desprecio, ós homes que debendo ser bós irmáns nosos firen co'a traición e co'a mentira, á súa nai, a nosa terra santa e sufrida Galicia. Galicia aldraxada, chea de magoas, Galicia roubada conoze ós seu tiranos y-os seu ladróns anque se chamen gallegos e rexionalistas.

¡TERRA A NOSA! Este é o berro santo, o berro de liberdade. ¡A NOSA TERRA DEBE SER NOSA! Esta é a raíz d'aquel berro. Y-a quen non oyades dar ese berro co'a ledicia no curazón, y-os ollos brillantes y-acesos de fé y-espranza no porvir de Galicia, non creades nel. Ese non sinte a súa terra, y-a quen renega da súa nai non lle podedes fiar a vosa vontade yo-voso espírito.

Que Galicia sea forte, rica e libre de nós, os gallegos, depende. Non nactmos pra escravos anque a vella políteca española d'abondo na nosa terra como escravos nos tratara. Arriba ós curazós, ollando o porvir e ceibes os nosos brazos farán unha Galicia nova!

Sabemos ben qu'os maiores enemigos, os que deteñen a xerminación da nosa vida están na casa. Non esquezamos que a Galicia, forte y-eterna, está feita e sostida c'o esforzo dos nosos labregos, e qu'eles son o miolo y-o cerne d'esta rexión tan felticeira y-abundosa. E lembrémonos de que todo o esforzo d'esos gallegos enemigos de Galicia que na casa temos non quere outra cousa mais que ter que dominar e ter apavados ós labregos valéndose dos xeitos mais baixos e vergoñosos: a mentira y-a traición.

ANTÓN LOSADA DIEGUEZ.

Xaneiro do 1919.

## A Biblioteca galeguista

Vense imprimendo o primeiro volume da Biblioteca galeguista que, a «Irmandade da Fala», acordou creare. Axiña poráse a venda.

Ese primeiro volume conquerrá un grande éxito. Trátase da formosa e interesante novela de Gonzalo López Abente emiada no certame d'este boletín e que se chama «O Diputado por Veíamar».

Esta novela sairá editada luxosamente, ter que envexar nada ós libros máis importantes que s'imprentan nas milllores casas editoriais d'España. Pero xunto c'ó que estará a baratura, pois o prezo do primeiro libro da Biblioteca galeguista saírá pequeno.

Este ensaio editorial que agora fai a Comandade da Cruña, coidamos que será de algo grande e de fondo intrínseco para o galeguismo.

Así se loita pol-a imposición dos ideais correctores. Tomando tódol-os camiños para chegar o cumio. Inda que os galegos non soñen soilo con ganar moitos cartos facendo o mais pequeno sacrificio pol-a Terra.

E aínda hai parvos que preguntan que son os galeguistas!

## Irmandade feminina

### TRABALLOS PATRIÓTICOS

A directiva da sección feminina da «Irmandade da Fala» da Cruña ven facendo traballos que até hoxe ninguén escomenzara. O labor d'este moderno organismo, honra a Terra, terá de ser moi fecunda e patriótica.

En recollendo datos estadísticos dos traballos da muller galega e dos xornas que fixen n'aqueles traballos. As industrias das máis femininas son oxeto de estudo pol-o novo organismo.

Entenden as señoras que forman a directiva da «Irmandade» que a beira dos traballos da caridá hai outros máis importantes dos que ninguén entre nós preza. E entenden asimesmo, que están a atender ós pobres, pero que están a traballar porque os pobres non se loitan de selo.

En a «Irmandade» feminina acordou crearse ós Centros galegos das Américas que orgaizen de maneira axeitada a relación á muller que emigra, cousa tan necesaria e tan nobre, até chegar á creación das Bolsas do Traballo, com'as que se crearon xa en Cataluña e en tódol-os países máis adiantados d'Europa.

Teñen outras iniciativas que resultan de moita honra e proveito para Ga-

### DO POETA DA RAZA

## Coma o cuco...

Eramos os dous pequenos...  
¿Acórdaste? Unha mañán  
collimos, fuxindo á escola,  
o camiño do pinal.

Atravesando unha viña  
que escomenzaba a agomar,  
fixéime en que se metera  
n'un valo vello un pardal  
e esfuracando nas silvas  
trás d'él metín eu a man.

O sacala truxen n'ela  
miña ilusión de rapás:  
¡un montorciño de prumas,  
garabullíños e lán!  
Tolo de ledicia, a brincos  
escomencel a berrar:  
«¡Topel un niño no valol  
¡Ten catro òvos! ¡Ven acá!»

Chegaches correndo. Súpeto,  
ó verme o niño nas mans,  
quedaches demorada.  
Logo, rompendo a falar  
preguntácheme: «¿Ese é un niño?  
¿E os niños pra que se fan?»

Quedei suspenso. A resposta  
non era boa de dar.  
Collécheme tan de súpeto  
que non acertaba; mais  
dimpois de pensalo un pouco,  
poiden, ó fin, contestar:  
«Os niños son nosas chouzas,  
os paxaros nosos pais  
e tí e mais eu paxaríños  
que inda empezan a voar.»

Eu non sei o que pasou  
no teu peito virxinal;  
ós teus ollos azuados  
roubaronlle caridá  
as bagoas. ¿Non te recordas?  
Morruabas ó chorar:  
«¡Quen me dera ter un niño!  
¡Quen me dera sen pardal!»

¡Como os corazóns se trocan!  
¡Que voltas o mundo dal!  
¡Quen'o había de decir!  
¡Quen habla de pensar  
que aquela nena xeitosa  
do camiño do pinal  
nos seus anos de rapaza  
fala o mesmo que fai  
o cuco, ese preguiceiro  
viaxante sin fogar,  
que por non facer o niño  
déltaise no dos demais!

### RIMAS

Bicada pol-o sol é espello a l-auga  
do remanso cinguido de salgueiros.  
Cal unha folia e o cristal crebado  
desfaise en brandas ondas que, crescendo,  
borran o coadro máxico e enloitan  
o brillador espello.

Está como auga do remanso, en calma,  
o pensamento meu. Fliteo o recuerdo  
—folia que cal da arbre d'uns amores,—  
da tua imáxen lonxana, e pouco a pouco  
vai crescendo, crescendo como en ondas,  
hastra que o enloita todo!

RAMÓN CABANILLAS.

Mós.

## A torre de Babel

### CONTTO

Fixérase en tod'o mundo, dispois d'aque-  
la gran catástrofe da civilización, unha  
campana rexa, longa, continua, pol-o acaba-  
mento das patrias e pol-a imposición d'unha  
lingua única para a Terra enteira. Tendo  
todol-os homes unha só lingua, acabarían  
por sintiren e pensaren o mesmo podendo  
facerse universás no seo do cosmopolitismo  
as concencias dos seres máis arredados  
entre si xeograficamente. Ista unificación  
coidaban moitos, desprezando as protestas  
dos sabios e das persoas de ciencia, que de-  
rribaría paseniñamente as fronteiras.

—Queremos— dician os apóstoles do  
novo credo—un idioma que sexa entendido,  
com'a música, por tódol-os pobos.

E o idioma universal ia espallándose por  
moitos países. Millós de homes de difrente  
raza e de lingua difrente, xa por escrito  
comunicábanse de xeito doado entre eles.  
Aquela fala nova conquería numerosos de-  
votos a cotío. No idioma universal espresá-  
banse moitos xornas onde queira. E o idio-  
ma universal trunfou derradeiramente. Inda  
con traballo, en Xuntanzas de xentes de  
tódol-os pobos da Terra facíanse entender  
os que erguían a súa voz. O éxito tíñase  
por seguro cando morreu o principal apóstol  
do movemento: o gran tribuo Striberg.

\*\*\*

Dous séculos dispois da morte d'Striberg,  
a y-alma d'este, por un milagre do ceo foi  
obrigada a volver ó mundo, recobrando o  
corpo no que tivera acochamento mentras  
vivira vida mortal. E aquela y-alma, que  
xa non dicía nada nin lembraba nada ás  
novas xeneraciós, comenzou a percorrer  
pobos e mais pobos, con fonda sorpresa.  
Siguían en pe as fronteiras que il loitara  
por derrubare. Todol-as vellas linguas se  
falaban coma denantes de terse imposto  
aquele idioma universal que parecía trunfa-  
dor cando a súa desaparición da vida. Ou-  
servou, si, un maor senso da xusticia; unha  
nova e fecunda orgaización económica das  
sociedades; un xeito confederativo para certas  
cousas antr'os países máis civilizados da  
Terra. E aínda puido decatarse de que,  
xunto co'as vellas linguas empregábase por  
moitos, en moitos pobos difrentes, novos  
dialeutos que il non ouvira endexamais.

Cheos os ollos de pranto, sufrindo un  
fondonísimo desengano, abraiado de doore,  
sintiu desexos de volver á cova onde suas  
cinzas tiveran dous séculos d'acougo.

Era na revolta d'un camiño, acochado

nas tebras da noite, feitas mais calladas pol-a preta ramaxe d'unhas albres.

Supetamente, no momento mesmo do seu desconsolo, unha voz estrana falou trás il, obrigandolle a tornar a cabeza. E mirou, non vendo a ninguén.

¡Quen o chamaria! Pero a voz volveu a soar de novo, e il tornou a ollar a todos lados, sin ver a persoa algunha en ningures. E ia xa a seguir o seu camiño, cando un asno, saindo das sombras calladas e pretas, axigantándose na noite, e pódose ó seu carón, ceibou unha forte carcaxada, que lle fixo berrar:

—¿Quén es tí, mala besta, que eisi te bulras d'un bon home?

O cuadrúpedo respondeu:

—Eu sonche a burra de Balaám, inocente Striberg. E veño mandada por quén pode para darche unhas sinxelas leicións de sabiduría. Veño a rirme de tí e de cantos coidan coma ti que a Natureza e cousa capaz de sere reformada pol-os homes conforme ó seu desexo. Tiñades por doado impór unha lingua universal logo de arrincarlles ós diversas pobos as suas propias linguas. ¡Ja, ja, ja, ja!... Pois olla ben... escoita o que pasou. Todos aqueles homes que por escrito s'entendián, seguindo as regras do novo idioma, de palabra entendíanse moi mal e con fondo traballo. Nas primeiras xuntanzas, inda falando o mesmo, ninguén d'unha raza comprendía ós das outras razas. Logo a forza d'estudo e prácticas escomezaron a comprenderense algúns. A costa d'enormes sacrificios abranguese a formación, en todol-os países, de nucleos de persoas onde o idioma universal tiña contino culto. Pero aqueles nucleos, naquel idioma, non facían ningunha obra grande. A cultura xenial ficaba sendo patrimonio dos que traballaban nas vellas linguas. Mas inda eisi o novo idioma foise espallando, espallando.... E como a lei do menor esforzó, por segredo da Natureza, non pode crebarse, chegou un día en que aquel idioma que tantas loitas custara e tantos esforzos furtara á humanidade con perxuicio da cultura universal, que nunca sairá dos regos da solidaridá das diferenciacións froito de moitas culturas específicas, trocouse en sin fin de dialectos. O francés axeitáralo á sua sintáxis e ó seu acento; e o mesmo o inglés, o alemán, o ruso, o portugués, o castelán, o danés... ¡todos! E eisi tivo un retraso a civilización do mundo, por mor de vós, probes ilusos fracasados...

—Pero, entón, a música...

—A música é unha cousa inarticulada; artificial na sua estrutura, com'os guarismos, coma os sinos da química. E aínda a

música pol-a sua expresión diferénciase en todol-os países de diverso medio xeográfico. Volve á tua cova. E cre que o da Torre de Babel non é un mito. Quixose erguer pol-os homes moitas veces (sempre que intentáchedes a cración d'un idioma universal) e foi derrubada de cote pol-a mán sabia da Natureza.

Striberg calou. A burra de Balaám ós seus ollos crecía, crecía hastra trocarse n'unha masa enorme, n'un outo castelo, de cuio seo sortían risadas terribres.

ARIN.

## Melanconía d'a gaita

¿Qué queres miña gaita chorosa...

D,un romance antigo

O pe d'un grand'e lexendarlo penedo que malno blcando vai un pequenillo regueiro, sentado nun murfio chimpado e c'os pes nun bulleiro engarrados, lembrando eu estaba xa fal algún tempo, unhos soños mol extraños pol-o tempo desfrorados.

O sol entonces fuxindo d'as risofias campías correndo xa iba por tras d'as frondentes ladeiras, y-os labregos atruxando, mol ledos pras casifias volvían gulando as facendas y-os carros cargados.

Pouco dempois escomezarin as estrelfias a brillar y-alumear, y-un silencio funeral xa se apodera d'o lugar.

N-o fondo d'o val soa entonces unha gaita con molta dozura e maxestá: y-o ventifio bricadeiro pouco a pouco vai traendo hastra mín os seus alres feticelros que de amor hencheron o meu pelto. Os seus acentos asemelláronseme a veces lamentos d'un corazón apenado, y-a ratos tenros y-amorosos quelxidos d'un dolor que leva o aire. O seu acento parece o sospiro d'un alma tenra que morre, ou o chorar d'un alma doce pol-o dolor mal ferida. ¡¡Ou gaita nosa que amorosifia y-agarimosa es!...

Dempois foron salndo pouco a pouco outros aires, chelos de ledos ala-alas c'os que parece quería rir, pero a sua risa e como a que hay n'os labios d'unha presoa delorida, e com'o sol xuguetando onde os nosos mortos xacen.

Si; a gaita non pode rir, pois o seu rir confúndese c'o delor. ¡Como ha de rir si ela e a eispresión d'ista Giliza a quen Deus fixo grand'e fermosa, e como tal a cantaron os bardos y-a traspasaron ó lenzo os plntores, mais a quen probe y-a abandonada teñen os homes? ¿Como ha de rir si o seu acento é unha lembranza pros bos fillos que a fame pol-o mundo espallou chelos de melanconía, de probeza e traballar, y-o mesmo tempo unha protesta contra dos malos governos que os seus fillos non fixeron xusticia, senón poñéndolles o xugo d'as moitas contribucións ó pescozo y-os grillos d'os caciques n'os pes? ¿Como ha de rir si sinte tristura pol-os días tráxicos de Aguilre e Viceto, pol-a morte que

Añón atopou n-o leito d'o hespital castelano, e pol-o desvío que a Curros, Rosalía, Ferreiro, y outros grandes fillos de Galiza fixeron os malos que sollo ante os alleos se dobregaron y-arrastraron, formando d'iste modo isa nube inmensa de tristura que a nosa terra cobre?...

¡Non chores, gaitiña, non chores! que xa logo ha de brillar y-alumear o novo sol d'a redención pra Galiza soberana.

Non chores, que si as cadeas que á nacifia atou son de ferro, nós, como dijo Quintanilla, as limaremos as trabaremos e deixaremos n'elas os dentes, o sangue as bagoas. Sere-mos mártires, pro non escravos.

MANUEL COBAS

Lifiares (Lugo).

## FACENDO PATRIA

### SOBRE DO CASO DE COLON

Invítasme, bon amigo, a que opiné sóbor si Colón foi xenovés ou gallego

No-o sei, pro penso estudialo.

¿Qué importa que fose nado en Galicia, si outros ilustraron a sua mente?

¿E non está probado que o camiño que buscaba era o d'as ladias, e non o d'este continente, entonces descoñecido?

Non é, meu caro amigo, que colde cousa cativa o sabere da patria de Colón. Penso no ben que lle poidera vir a Galicia con ese achádego e a eso vou.

¿Non é verdade que vosté s'alegra molto de que Colón sexa gallego? ¿E por qué? ¿Deixarán entonces de emigrar os gallegos? ¿Serán mais fortes, mais cultos, mais felices? ¿Tendremos carreteras e ferrocarrís e camiños veciñás; serán mais independentes os Axuntamentos e diminuirá a burocracia, o nepotismo e o espíritu de servidume?

¿Sangraráuse os ríos e mineralizaráanse as terras? ¿Fomentaránse os eldos y-as florestas? ¿Rexueneraráse a escola e trocaráse o senso da civilidade?

¿Combatirase a parcelación nimal e o latifundio, e o aforro terá rumbos mais racionais e progresivos? ¿Crearánse escolas especlaes de agricultura, industria e comercio, e o mesmo tempo que libros de versos e historia, escribíranse outros sóbor o millor sistema de anuncios, sóbor a ceba dos bovinos, a triquinosis e a indigestión dos porcos, e o xeito novo de muxlr as vacas, e a fabricación de quelxos y-a exploración do sulchán gallego?

Si esto sucede, valdería a pena que Colón fose gallego. Pro si hemos de seguir tendo poetas iflorantes e escritores falcatrueiros e parvos que se venden por un prato de lentexas, e comerclantes rutinarlos e analfabetos, e espíritu rebastego e discursos valeiros, e odios bandeirizos e homenaxe tan sollo ó éisito, ó poder ou ó difeiro, si Galicia vai a seguir como está nada importa que Colón sexa ou non gallego.

Si Galicia continúa sendo Cinzenta de Hespafia, como Xénova o é de Italia, maldita gloria e maldito porvelto, como os de Curros desterrado e Chané perseguido, e a probeza cingulndo sempre ós mais ilustres e bos da nosa terra, s'en Madrid non foron confirmados.

Non son os feitos, amigo meu; é a interpretación d-eles o que vale e conta, y-anque non dúbilo que poida interpretalos mal, xúsgoos honrada e libremente.

ABDÓN RODRÍGUEZ SANTOS

Habana, 1918.

# Do problema da terra

Por Julio Senador

## ¿A terra ou o sangue?

Tod'o mundo fala do novo presuposto. Moita xente loubao. Me non estrañá.

Para os ricos e divino. Ningunha imposición afeutiva, nin unha simple ameaza. ¡Mesmo da xeniol!

Agora para os pobres xa e farfía d'outro fardelo.

Enténdase, sin embargo, que samente debemos chamar ricos ós donos da terra porque son os únicos que teñen dereito a empregaren seus ocios en adxudicarse os froitos do traballo alleo.

Calquera que non teña terras, por moito rico que seña, parezme inofensivo; inda mais, parezme que non debe pagar nada porque é dono de produtos do traballo, e todo traballo ten que estar libre de tributos.

Aquel, en troque, apodérase da terra; resta ó uso universal a única fonte posíble de produción. E o único que pode producir, si quer, inda cando o doado e que non queira; e posto que e o único que pode producir, é pola mesma razón o único que debe pagar.

Calquer pago de trabuco que non deite directamente da terra false sempre a costa do traballo; e dicire, a costa da carne e da vida d'algunha criatura humana.

Deamos, pois, resposta a esta sinxela pregunta: ¿Quen é perferible que pague, a terra ou o sangue dos homes?

Para o discreto lector, non terá dúbida. Debe pagar a terra que non se cansa, que non sinte nin sofre. Pero os ricos que son os que gobernan e os que fan as leis e os presupostos ou mándanos facere, teñen outra opinión.

A opinión dos ricos é que deben pagalos homes c'o seu sangue. A terra non debe pagar nada porque é déles. Eles tampouco deben pagar nada porque son os amos. E como son os amos deben ter dereito a que paguen os outros e ademais a que todos traballemos para eles cando lles pete, coma eles queiran e recibindo d'eles o que eles queiran.

E dicire: o que eles queiran, non. Abofé non cairá esa breva. Espriquemnos por qué.

## Salario e renda.

Non os darán o que eles queiran, senon, seguramente, o que eles non queiran. A menos até que non surda un home democrático e cheo d'amore á xustiza, dono do Poder, que por certo non se chamará Santiago Alba.

Namentras, un día permitiránnos os ricos que usemos da súa terra para o noso traballo e en troque d'esta concesión pidiránnos canto teñamos producido, deixándonos unicamente a cantidá necesaria para que o non morramos de fame na data seguinte. Canto mais produzcamos, mais nos pidirán.

A parte que nos deixen non aumentará porque aumentémolo noso esforzo; e nós, os desposuídos, en competencia por un chau que non temos xenio para conquistare, mais sin o que non podemos vivire, facerémolos mutuamente unha guerra fera pol-o dereito a traballarmos na terra allea.

D'este xeito, nós mesmos iremos aumentando o valor da terra allea e disminuindo o do noso traballo hastra que a miseria nos agrilloe o pescozo coma escravos dos ricos e nos leve a condición de bestas.

O que nos dan é o salario. O que deixan

para eles é a renda. ¿Vedes eses sifioritos d'automove? Pois viven das suas rendas, ou o que e o mesmo, do noso traballo. Nunca axudaron con nada á riqueza nazonal.

Non teñen producido na súa vida un só grau de trigo, nin serían homes de produción, porque para iso fan falla cencia, virtú, forza e valore.

Pesi-a isto son os donos de todo. Porque son os donos costítuyen entre nós unha aristocracia de culos privilexos forman parte e que consisten en gobernar e en non pagar un carto á nazón.

Sempre foi así e terá de ser naméntal-a terra siga sendo d'eles.

Algunha ves na nosa historia os nobres, donos da terra, chamados ó pago d'un trabuco formaron o escadrón e puñeron moedas no ferro das suas lanzas invitando bulronamente as xentes d'El Rei a que vñesen a cobraren allí.

Nosoutros non fumos nunca nada. Só serviamos para pagar e calare.

Por iso a Historia non os chama en ningures o pobo hastra que alguén coidou comenente argallar boniteiras gayolas para roubarnos o voto.

Chámannos os "pechelros", quere decir, os pagadores; os que deben pagalo todo para que os privilexados vivan das rendas de seu.

Si vós os probes pensades, sin embargo, que con pagal-a renda concruñedes xa nas vosas amarguras, estais trabucados, abofé.

## ¿A parte do presuposto

D'isa codia negra e dura que acabades de gañar c'o voso suor, o presuposto vos pídral-a unha parte. A maior e a millor.

E, vosoutros para pagala teredes que tallar a cativa ración dos vosos fillos. Teredes que velos morrer sin podere defendelos cando vol-os mate a escrófula, a atrepia; quere decir, cando vol-os mate a fame.

Hai cousas que arripian. Quizais por iso ninguén fala d'elas. Ou quizais porque falar d'isas cousas parez suberativo, demagóxico e revolucionario. Os homes de orde o non deben ocuparse para nada da disgracia allea. Iso é mais propio dos esfarrapados, que non teñen conformidá con nada. Como, verbigracia... pero, non. Val mais deixar aquí este puntifio.

¿Queredes que en troque de falar de xente de orde e de xente esfarrapada vos conte eu algunhas cousas das que pasan moitas veces por diante dos meus ollos de notario?

Pois ouvide esta. Un xornaleiro conecido de meu abandona a súa chouza no pasado mes de Agosto para ir a traballar en terra allea. Val gañal-o vrán. Poucos días despóis recibe a noticia de que o seu probe neno acaba de morre. O xornaleiro, c'o abraimento, arlitado ruxe com'un llon ferido. Cai pol-o chán, tremando de xenreira. Faltoulle a forza para resistir ergueito aquela puñalada. A súa dor espanta, pero o berro que ceiba impón aínda mais.

—¡Me c...! ¡Sería de famel!

E de fame fora; namentras seu pai loitaba por gañal-o anaco de pan, sufrindo as rayolas ardentes do sol que lle queimaban os osos.

O mes seguinte un administrador de longas propiedades leva á casa da súa dona vinte dúas milleiras de pesetas de renda recaudadas.

Oyamos ista parola que é instructiva:

—¿E que hai pol-a aldeá?

—Necesidá coma de cote, sifiora. O fillo do Colorao din que se morreu de fame...

—¡Al, por Noso Señore! Non me conte vosté agora esas cousas que me dan moita lástima. Faga o favor de levar eses cartos ó Banco tráyame logo o resguardo.

## Novas da causa

No salón de festas da Sociedade económica de Santiago, celebrouse un mitin d'afirmación galeguista orgalizado pol-a "Irmandade da Fala", d'aquel povo.

Era un auto para os estudantes universitarios.

Presidiu don Francisco Vázquez Enríquez.

Falaron os sifiores Vilar Ponte, Paz Andrade, García Fernández e Pita Romeiro, facendo logo o resumo o presidente.

O Sr. Vilar Ponte demostrou como a Universidade de Compostela inda non é a Universidade Galega que se perclsa D xo que soméllase a tódal-as mais d'Hespañia sin que soubera trocar os valores históricos tan fondos n'aquela cidá, en fonte fecunda de galeguismo e enxebriismo. A urbe de Xelmírez, onde autuaron Antolín Faraldo, Brañas, e Porteiro; a urbe onde durme o derradeiro sonp Rosalía e onde non hai pedra que non lembre unha gloria pretérita, sinte pesi-a Universidade—menos o amor á terra feito cidadanía qbe outros povos de Galicia. E aínda se da o caso de que, non xa arredor da Universidade, senón que na mesma Universidade entre alumnos e catedráticos non hai rebeldía fecunda e moitos d'aquelles fanse vontarios escravos de Lonrizán. Mentras a Universidade non faiga cultura galega e non estude os problemas galegos, estará de mais, porque resultará inútil. Coida o ourador que tería de frese a unha rexa cruzada para o coaquerimento das facultás de ciencias e filosofía, tanto por ser vergoñoso que en Galicia non existan aínda, canto porque d'aquelas facultás poden salir mais rapaces rebeldes que das outras—Dereito Medicina e Farmacia—que os alemás chaman as "carreiras do pan".

Logo d'aconsellarlles ós estudantes que traballen pol-a autonomía universitaria e pol-a integral da Terra con arrego ó espírito da Asamblela de Lugo que estudou cristallamente, díxolles que teñen tamén que axudar ó desenrrolo d'unha idea do xornalista Branco Torres: a de esixir sempre, d'acordo con tódolos homes de senso democrático, facendo unha fera campaña, o residenciamento dos políticos que desgobernaron a Hespañia dend'a Restauración á data. Porque tódol-os males hespañoles veñen de que non soubemos, sendo unha escepción no mundo, liquidar os nosos desastres. E namentras Imperen as talfas oligárquicas Hespañia ficará sendo unha negación do progreso.

Tivo unha lembranza para Porteiro, para aquel Brañas que berrou "como en Irlanda, érguete e anda", e para a gloriosa irmá Cataluña verdadeira redentora d'Hespañia.

O Sr. Paz Andrade léu unhas coartillas moi

Inspiradas. O Sr. García Fernández con gran facilidade de palabra en párrafos elocuentes plantexou á concencia dos estudantes, seus compañeiros a importancia e a transcendencia do galeguismo. O Sr. Pita Romeiro aludiu ó desconexión que a crás escolar ten da súa propia personalidade. E con palabras elocuentísimas reflexadoras d'unha gran cultura, pediu que s'estableza en Santiago a cátedra de lingua e literatura galego-portuguesa.

Derradeiramente, o cultísimo abogado e conselleiro primeiro da "Irmandade de Santiago" demostrou a importancia do cultivo da nosa lingua, tronou contra do caciquismo e censurou tamén un telegrama que algúns alumnos do sexto ano de Medicina, de xeito inconsciente, mandaron a Madrid proclamándose enemigos das arelas de Cataluña.

Tódol-os ouradores foron moi apraudidos. Mandaron a súa adhesión ó auto as "Irmandades". Léronse unhos estatutos para a "Xuntanza nazonalista Escolar", e dirixíronse dous telegramas: un ó ministro d'Instrucción pública, pedindo a cátedra de lingua e literatura galego portuguesa e protestando contra do caciquismo la Universidade e da Escola de Veterinaria. e outro á Mancomunidad catalana chelo d'afeuto e agarimo.

\*\*\*

O día nove de Febreiro faránse outros dous mítis nazonalistas: un en Betanzos e outro en Vilalba (Lugo).

Tamén darán conferencias en Vigo, na sociedade a Oliva, os cultos e elocuentes nazonalistas d'Ourense, Lousada Dieguez, Risco e Noguerol.

\*\*\*

En Madrid constituíuse unha delegación das Irmandades da Fala, que terá de sernos de molta utilidade.

## PARA UN ESCRAVO

### A lingua e os caciques

No *Diario de Orense*, xornal orgo do mugallalismo, un señore cuio nome esquentéusenos, publicou un artigo sobre «regionalismo galego», que remata dicindo: non queremos mais lingua que a de Casela»...

Dende logo ese articulista ou é un inconsciente ou un mal galego xunguido ás omenencias dos caciques que zugan do centralismo.

Quen non queira a lingua galega, non pode sentir amore pol-a súa Terra. Porque a lingua é o selo espíritoal da nosa raza. Desprezando a lingua, desprezase a raza. A lingua, que é a nosa propia y-alma, ó longo dos séculos, fica coma o único testemuño vivo e fecundo da nosa personalidade nazonal. Suprimide a lingua, e Galicia non existe senón no senso de provincia territorial semellante ás mais da Iberia.

Suprimide a lingua, e a nosa afinidade con Portugal esmorecerase. A lingua é o escudo único da nosa autonomía espíritoal. O único elemento adrede para facer unha cultura propia. A lingua, arma suprema da nosa diferenciación e da nosa universalidad, trunfo de todol-os combates do centralismo. E inda que dende os Reis católicos, se ten feito o posibre para esnaquizala, vive e domina nas cinco sextas partes do noso povo. Quen vaia contra esa forza, terá de ser suicida do seu mesmo ser.

O galego, é a lingua dos nosos país e dos nosos abós; é a lingua dos nosos poetas— instrumento da divina e xenial expresión de Rosalía, Lamas, Curros, Pondal, etc.— a lingua da nosa historia, a lingua do Rei Sabio e dos bardos dos cancioneros, a lingua de Camoens e a lingua que modernizada, empregan hoxe moitos millóns de homes no vello e no novo mundo.

Arrenegar da lingua galega, é arrenegar dos sentimentos de toda a nosa raza. E o que arrenegue da lingua, peca contra natura e aldraxa a Deus. Pol-o cultivo da súa lingua Galicia volverá a conquistar a súa grandeza na Historia.

¡Ai o día no que as xentes do campo, traguendo a fouce na má, cheguen ás vilas podres onde unhas xeneracións de señoritos divorciados moral e materialmente dos sentimentos da terra, escravos do castelán. proclaman un hibridismo vergoñoso!... ¡Ese día, probes do que en lingua feminea e extranxeira teñan que verse obrigados a pidiren perdón, logo de axionllarse tremantes, ócos de valor e valeiros de ideas!

Porque Galicia fixo tódal-as revolucións que rexistra a súa historia levando a fala doce e meiga por bandeira.

## PARA A VILA DE CARIÑO

### ¿Volveredes o d'antes?

Reixístrase n-estes momentos na historia da Hespaña podre, un caso cheo de razón e d'unha transcendencia grande, con motivo da petición d'os veciños de Cariño, que queren a separación da Ortigueira, caciquill, gobernada por extraños servos do aldraxante caciquismo ó que representa en Galicia unha dinastía de fora. Esta separación é unha mostra de civismo e patriotismo grandioso que deberan seguir todol-os pobos de Galicia q'oxe estan gobernados por caciques representantes do Centralismo, por culpa dos cales illes é imposible vivir.

Cariño pideu esta separación porque lle é imposible seguir vivindo como si fora un pobo d'escravos, e non un pobo que produce e pode gobernarse por si mesmo, e non ser gobernado por xentes que non fan mais que andar paseando e enriquecéndose á costa dos *traballadores do mar*.

Veciños de Cariño debedes seguir loitando

pol-a vosa liberdade pra qu'as cadeas q'oxe vos teñen aprixoados sirvan mañan pra aforcar os tirans que vos escravizaron.

Si traballades por Cariño traballades por Galicia, e axudades a libértala, e os galegos mirarán pra vosco, como se mira pr'os homes que fixeron un ben y o día que Galicia esté ceibada das cadeas q'oxe a fan ser un pobo d'escravos y os homes poidan espresar craramente as suas ideas sin ser perseguidos pol-os caciques, o nome de Cariño será rodeado pol-os loureiros do trunfo da liberdade galega.

¡Adiante carriñenses! Loitade hastra conquistar a vosa liberdade qu'os gallegos que sentimos e traballamos pol-a liberdade de Galicia, estamos dispostos a defendervos en todol os momentos.

Adiante, e qu' o berro de "Terra a Nosa" resoe nos vosos lares anunciando o trunfo da liberdade da Nosa Terra que non é de ninguen mais que nosa.

Irmans, Irmans gallegos  
antes de ser escravos  
que corra o sangue a regos  
dende a montana o val.

TOMÁS R. SABIO.

NOTA.—Os nazonalistas gallegos non podemos ser sospetosos no noso amore á liberdade dos pobos e dos cidadáns. Dende o primeiro momento nos unímonos á devoción dos carriñeses rebeldes. Mais hoxe vemos a algúns d'eles collendo un atallo perigoso. Tódal-as suas xeneras bótannas sobre o alcalde d'Ortigueira, leubando en troques, inda sin citala, a outra representación caciquill mais digna d'enemistade no senso político que o mesmo alcalde.

O Sr. Maciñeira, *persoalmente* é novo na política, *con actuación direita*, e deixaraa axilia. O Sr. Maciñeira, home culto, un dos poucos intelectuáis d'esa terra, dá exemplo a moitos por ser un señorito que no traballo do agro busca o pan da súa familia, coma Deus manda e o porvir de Galicia o esixe. O señor Maciñeira, agora alcalde *por compromiso*, non foi diputado provincial, non caciqueou directamente na cova noventa da provincia, nin subeu, coma os piores caciques da terra, dende o posto homilde de escribente do concello a tirán dos probes e a asoballador da cidadanía. Halcos piores, amigos de Cariño, e ent'os piores dos piores esta *ese* que o voso bofeñin loubou sin nomealo. Xa as vellas habilidades fracasas. Non vos deixedes enganolare.

## SIN OS DIGNOS NAZONALISTAS...

### Os gallegos, dan noxo

*Pero ¿onde están todas isas xentes que en Galicia, dende algún tempo por siguil-a moda e por curárense en saude se chaman rexionalistas?*

*Galicia sigue adormecida. Oyese a voz de Cataluña, óyese a voz de Euskadi, a voz de Navarra, inda a d'Aragón e a de Castela e Valenza. O nome de todas istas nacionalidades e rexións sona ó arredor do pleito catalán.*

*Galicia, con mais dereito que ninguen para falar, pedir e eisixire, sigue muda, caladiña, mansiña, homildiña.*

*Ningunha voz mais que a nosa. a dos*

nazonalistas e as "Irmaduras", chegou a Madrid.

Ollade as colunas dos xornás da corte. A cotío n'elas refréxanse desexos, arelas e cubizas de tódol-os pobos d'Iberia, de todos... agás de Galicia.

E o que é peor aínda, si os nazonalistas facemos algún acto, os correspondás da prensa madrileña na nosa Terra, cálanno ou comunicanno en catro liñas probes.

De Galicia nos mais importantes xornás da corte samente aparece o movemento do porto de Vigo, algunhas cativizas da Cruña e reseñas de crimes ou de disgracias, cando as hai.

¿Onde están todos ises rexionalistas galegos que abundan tanto coma os allos nos xardís exicios da antiguedade, que non erguen a súa voz, mentras cidadáns de moitas rexións traballan sin acougo por conquistar libertás para elas?

Nin siquera as Diputacións provinciais da nosa Terra chegaron a facer a assemblea, iniciada pol-a da Cruña, que serviría de pretexto para que nós puxesémol-os puntos sob' as is.

Todos rexionalistas en Galicia, pero o rexionalismo fica mudo.

¡Galicia, Galicia, canta probeza espiritual, canta cobardía, canta falla de sentimentos cidadáns!

Pero ¿cómo hanse mover a maoría dos galegos por influenzas ideás, si nin siquer son capaces de traballar, unidos, con entusiasmo, por cousas prácticas,—ferrocarris, camiños, escolas, etc.—?

Decatándonos d'istas tristuras coidamos que, si non fôsemos galegos, o que se nos chamase galegos teríamolo por un aldraxe. Galego é sinónimo aínda d'inconsciente e d'esclavo.

As únicas illas da verdade e da dinidade que eisten na nosa Terra son aqueles fatos de homes redimidos e libres espallados pol-as vilas galegas e que responden ó nome de nazonalistas.

O demais, cheira a morte. O demais da noxo. ¡E chámannos escrivistas os criados dos caciques!...

### Peneirando...

—¡Albricias! Picorete val tomalo olivo.  
—Non; oíchedes mal. Picorete val a dar unha conferencia sobre Galicia e a autonomía á sociedade "La Oliva", de Vigo.

Falará despois dos nosos cultos e xóvenes irmans Lousada Diéguez, Risco e Noguerol. E mirade que o vello oco contrastanfo c'os mocíños nazonalistas d'Ourense...

Nosotros debemos pensar en pedir para él un homenaxe comenente: o de que os vígueses o acochen con aceite d'oliva nunha lata de conservas.

¡Si invit sen tamén a Alfredo Veleta!  
E si Xaimiño o que se quedou na sombra—fallo do sol que tanto amaba Diógenes—lles adicara unha crónica... Mel sobre follías.

\*\*\*

Houbo xentes en Santiago que oferceron un día o novo pazo da Escola de Veterinaria para cuartel.

Estamos seguros de que xentes de Lugo, verbigracia, perfiren millor un batallón de ferrocarril central galego ou a un matadouro industrial.

Chínchín nos paxelos e nolvos con estrelas para as rapazas... ¡O desideratum!

E ¡all dos que non se sintan patriotas vendo como nos negan as liñas de ferro e os camiños veciñás que percísamos. ¡All dos parvos que defendan ós labregos, protestando contr'os aranceles ganzuas dos trigueiros castelás.

¡Qué lles importan ós señoritos das nosas vilas os labregos ordinarios!

\*\*\*

Nos presupostos do Estado consínanse 40 mil ós para retiros e recompensas militares.

Nos mesmos presupostos e para as mesmas atencións no orde civil samente aparecen sete millós.

Si pol os cartos se midise o patriotismo o patriotismo civil tería que ser paquerrenfío en comparanza.

\*\*\*

Morreu Calbetón.  
Un fósil menos e un posto mais para un xenro.

Tipografía Obrera.—Socorro. 3

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado  
A CRUÑA

—Adeus, Fuco.

—Adeus, Xan.

—Pra onde vas.

—Bouche pr'á casa do noso Irmán,  
A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguerme un fraxe d'aqueles qu'él fai fanbos e xeifosos.

## Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra tódol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

## Farmacia Europea

— DE —

LÓPEZ ABENTE

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

Faise cárrago de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Telef. 434

## Os viños e coñás millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouh más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hal outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Hiro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUIDO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 e 41-2º piso.—A CRUÑA

**FRÁBICA MECÁNICA**

::: DE CALZADO :::

— DE —

**ANXEL SENRA****RÚA XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

**A CRUÑA****LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, tocíos e fricíos de todas clases.

Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

**GRAN FONDA****Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102. — A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espléndido establecemento, situado no no máis céntricos da poboación, axeitado á altura dos milllores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

**Abonos Químicos Mineraes**

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

Rexenerador **RÖSTTAM** pra os animaes debles, pra que as galliñas poñan máis ovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

**Fernández, Fano y C.ª — A CRUÑA****Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDADES

*Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia Reumatismo, Artritis deformantes Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis]*

Electroterapia, Acroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete *Isioterápico*: Consultas de 10 a 12  
Tratamentos e prezos a horas convencionaes  
Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2.º (esquina a Picavia)

**A CRUÑA****FERMOSINDA**

Novela en idioma galego, por

**FARRUCO PORTO REY**

PRESO DUAS PESETAS

Véndese n'a librería de P. Cué e C.ª


**RUA REAL, 49 — A CRUÑA****VIÑOS FINOS****RIOXA = MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA = A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**

|                             |       |        |
|-----------------------------|-------|--------|
| Prezo en terceira á Habana. | Ptas. | 298 60 |
| Veracrús                    |       | 313 60 |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clase d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto total-as tarrxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.